



PROPOSTA PARA ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA POLO QUE SE FIXA O IMPORTE DE VARIOS NIVEIS DE COMPLEMENTO ESPECÍFICO.

1. Antecedentes

Segundo o establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia, correspóndelle ao Consello da Xunta establecer a política xeral da Xunta de Galicia en materia de persoal, dirixir o seu desenvolvemento e aplicación e as directrices as cales se deberán axustar os gastos de persoal.

O complemento específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

A Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, establece que entrementes non se introduza o complemento retributivo de posto de traballo previsto todas as referencias a este último entenderanse feitas ao complemento específico.

Actualmente están fixadas as contías do complemento específico correspondentes aos seguintes niveis de posto e cos importes recollidos na Orde do 14 de xaneiro de 2019, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2019 (DOG nº 13, do 18 de xaneiro):

Nivel de complemento de destino	Contía mensual
30	1.594,20
28(A)	1.211,55
28(B)	1.107,14
26	998,98
25	892,70
24	807,65
22	658,84
20	538,04
18	488,78
16	474,27
14	452,99
12	431,74
10	410,47

Cadro 1

Tamén se atopan regulados os importes de varios complementos específicos diferenciados para determinados colectivos en función das súas peculiaridades.

Sen embargo non está establecida, tal como se aprecia no cadro 1 a contía do complemento específico de varios niveis da clasificación do intervalo para dar cumprimento a acordos asinados polas organizacións sindicais e autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia.



2. Proposta

Para poder delimitar de forma máis precisa cada posto de traballo, considérase necesario o establecemento dos niveis (impares) da contía do complemento específico tal como se establecen no cadro 2.

Para a súa determinación emprégase o importe resultante do promedio das contías dos niveis anteriores e posteriores existentes e que están determinados no cadro 1.

Nivel de complemento de destino	Contía mensual específico
29	1.372,01
27	1.029,89
23	717,11
21	585,27
19	502,11
17	470,93
15	453,43
13	432,63
11	411,84

Cadro 2

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

O director xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz.

CONSELLERÍA DE FACENDA